

PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS SISTEMAS COLECTIVOS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (FUNDACIÓN ECOASIMELEC E FUNDACIÓN ECOLUM) E PILAS (FUNDACIÓN ECOPILAS)

REUNIDOS

Dunha parte, o Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez, actuando no nome e representación da Institución Provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E, doutra parte,

José Pérez García, con DNI 052 128 29-V, en representación de:

- Fundación para a Xestión Ambiental de Equipos Eléctricos e Electrónicos (ECOASIMELEC), con CIF G-84 342 963, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza co número 4oAGR, en virtude do apoderamento xeral conferido mediante escritura de 29 de xuño de 2023 ante o notario de Madrid D. Fernando Sánchez-Arjona Bonilla; co número de protocolo 1.669, para os efectos de poder actuar no seu nome.
- Fundación para a Xestión Ambiental de Pilas (ECOPILAS), con CIF G-82 795 691, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza co número 4oAGR, en virtude do apoderamento xeral conferido mediante escritura de 12 de febreiro de 2021 ante o notario de Madrid D. Fernando Sánchez-Arjona Bonilla, co número de protocolo 225, para os efectos de poder actuar no seu nome.

E D^a. Pilar Vázquez Sánchez, con DNI 503 091 35-Q, en representación de:

- Fundación ECOLUM (ECOLUM), con CIF G-84 171 362, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza co número 280.023, en virtude do apoderamento conferido mediante escritura de 12 de xaneiro de 2022 ante o notario de Madrid Augusto Gómez-Martinho Cruz; co número de protocolo 78, para os efectos de poder actuar no seu nome.

EXPOÑEN

I.- Que o 16 de agosto de 2019 a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación para a Xestión Ambiental de Equipos Eléctricos e Electrónicos (ECOASIMELEC), a Fundación para a Xestión Ambiental de Pilas (ECOPILAS), e a Fundación ECOLUM (ECOLUM), asinaron un convenio de colaboración para a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante RAEE) e de pilas (en diante RPA), nas instalacións do Centro Príncipe Felipe.



II.- Que o marco de colaboración existente entre ambas as dúas entidades, establécese en aras de garantir o emprego de mecanismos eficientes na recollida de residuos no Centro Príncipe Felipe, en aplicación da legalidade vixente e na procura do coidado do medio ambiente.

III.- Que a cláusula sétima do convenio prevé a posibilidade prórroga por períodos anuais, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo co anterior, e co obxectivo de garantir a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante RAEE) e de pilas (en diante RPA) nas instalacións do Centro Príncipe Felipe, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación para a Xestión Ambiental de Equipos Eléctricos e Electrónicos (ECOASIMELEC), a Fundación para a Xestión Ambiental de Pilas (ECOPILAS), e a Fundación ECOLUM (ECOLUM), a través dos seus representantes, acordan a sinatura da primeira prórroga do convenio de colaboración, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Prorrogar por un ano o convenio de colaboración asinado o 16 de agosto de 2019, entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación para a Xestión Ambiental de Equipos Eléctricos e Electrónicos (ECOASIMELEC), a Fundación para a Xestión Ambiental de Pilas (ECOPILAS), e a Fundación ECOLUM (ECOLUM), para a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante RAEE) e de pilas (en diante RPA), nas instalacións do Centro Príncipe Felipe.

Segunda.- O réxime de publicidade da prórroga será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da prórroga leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Terceiro.- A sinatura da prórroga do convenio, non implica ningunha contraprestación económica entre as partes asinantes.

Cuarta.- Esta prórroga rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa.

Estando conformes co estipulado, asínase a prórroga do convenio da data sa súa sinatura dixital.

En representación de ECOASIMELEC
E ECOPILAS,

José Pérez García

En representación de
ECOLUM

Pilar Vázquez Sánchez

O Presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra,

Luis López Diéguez

